

## **Rogos e preguntas do Pleno de xuño de 2022**

### **Preguntas formuladas por Dona Elena Estévez Freire.**

**Pregunta:** Despois da dación de conta no pleno de hoxe sobre a resolución da Alcaldía de presentación de recurso contencioso administrativo por parte dunha traballadora do Concello contra o acordo adoptado polo pleno en sesión de data 07-02-2022 de aprobación definitiva do organigrama e relación de postos de traballo (RPT), que ten previsto facer o goberno en relación aos pagos das porcentaxes fixadas para este ano?

Á vista deste recurso e dos reparos de legalidade recollidos de forma reiterada nos informes conxuntos de secretaría e intervención, segue crendo o alcalde que o documento da RPT é un documento ben feito coa suficiente cobertura legal da cordo co informe emitido pola empresa Galivalia na aprobación inicial do documento ?

**Resposta:** o Concello de Bueu dará cumprimento aos acordos plenarios e, unha vez aprobados os Orzamentos Xerais do 2022, procederase a aplicar o incremento retributivo ao persoal municipal tal e como está previsto. Con respecto á segunda pregunta, indicarlle que a RPT é a plasmación do consenso fraguado na Mesa Xeral de Negociación, que se foi formando ao longo dos últimos sete anos, nun proceso no que se seguiron todos os trámites procedimentais necesarios. O acordo da súa aprobación é un acordo válido e executivo desde ese momento, e que obriga ao seu cumprimento.

**Pregunta:** O pasado mes de xaneiro un vehículo danou a base de pedra do Cruceiro da Rosa sen que a día de hoxe se teña reparado. Ten coñecemento o goberno da identificación do vehículo e condutor que causou o accidente? Cando está previsto proceder ao arranxo deste ben patrimonial, posto que xa hai 5 meses do incidente e non se reparou? Existe algún problema coa compañía de seguros para facerse cargo?

**Resposta:** dende o primeiro momento se puxo este tema en coñecemento dos servizos de vixilancia da Deputación Provincial de Pontevedra, xa que é o organismo titular do vial.

**Pregunta:** Tendo coñecemento da nota informativa que o goberno publicou na páxina web oficial do concello en relación á prohibición de aparcarse no estacionamento das Lagoas con motivo das distintas actividades culturais que se van levar a cabo, está previsto algún aparcadoiro disuasorio gratuito para estes días, así como para a tempada de verán? Cando ten previsto o goberno abrir o aparcadoiro disuasorio no Norte do que xa dispón da cesión gratuíta dos terreos?

**Resposta:** nos próximos días, tan pronto como sexa posible.

**Pregunta:** Vista a solicitude de subvención do Concello á Deputación de Pontevedra por importe de 46.800 € para a contratación de 3 persoas desempregadas tituladas universitarias no marco do programa “ Primeira experiencia profesional” coas seguintes titulacións: \* Grao en Comercio \* Grao en Enxeñaría Civil/Obras Públicas \* Grao en Publicidade e Relacións Públicas En qué departamentos está prevista a súa ubicación e cales serán as funcións que se lle atribuirá a cada un deles?

**Resposta:** Para o perfil de grao en enxeñaría civil/obras públicas, este situaríase no departamento de urbanismo e as funcións son as de elaborar estudos de necesidades de subministración de auga e saneamento, a análise das infraestruturas actuais e necesidades futuras, entre outras; para o de comercio, estaría no departamento de Desenvolvemento Local e Emprego, e realizaría estudos da situación actual na praza de abastos e melloras, acción de dinamización comercial e de márketing no mercado de abastos, e dinamización económica a través da potenciación de mercados; e para o grao en publicidade e relacións públicas, estaría no departamento da Alcaldía implementar estratexia de márketing institucional, así como mellora da comunicación pública e institucional, e tamén do concello a nivel turístico.

### **Preguntas formuladas por Dona María Blanco Blanco**

**Pregunta:** De cara ó verán, existe algún plan para o tráfico rodado? De ser así, poderían explicalos posibles cambios de dirección ou o uso peonil de algunhas rúas.

**Resposta:** aínda están sen pechar as decisións e, polo tanto, non se comentará o contido das mesmas ata que sexan definitivas.

**Pregunta:** o mercadillo que se realiza tódolos luns e xoves de cada semana, vai ver reubicados os seus postos como estaban emplazados anteriormente?

**Resposta:** aínda están sen pechar as decisións e, polo tanto, non se comentará o contido das mesmas ata que sexan definitivas.

**Pregunta:** Os bancos que foron retirados para colocar uns novos, xa están arranxados para darlles unha nova ubicación? De ser así, cales serían os lugares que suxire este goberno para situalos?

**Resposta:** non, nin está previsto o seu arranxo polo de agora. Ao mesmo tempo, temos que indicarlles que como cada ano se irán incorporando máis lotes de bancos que permitirán a substitución dos que están en mal estado, e á súa vez, ampliar a outros puntos onde sexa necesario.

**Pregunta:** Solicito que se tomen as medidas oportunas para que os coches non aparquen nas sendas peonís de Lapamán, rotonda do serradoiro de Agrelo e na de Trasouto-Alto de la portela. Aínda que existen sobreanchos, esas zonas son para as persoas, non para os coches.

**Resposta:** facendo caso ao seu rogo, e como vostede sabe, a única medida que podemos adoptar é darlle traslado á Xunta de Galicia, titular do vial e única autorizada para adoptar as correspondentes medidas.”

## **Rogos**

### **O Sr. Rodríguez Piedras**

Roga que se lle de aviso ao mantemento da rede semafórica.

Roga que se arranxen os danos na rúa da Pedra e tamén unhas deficiencias cerca do centro de saúde.

Roga en relación ao Centro de Interpretación do Litoral. Cal é a previsión que teñen nas praias?

**A Sra. Villanueva Reboiras**

Vai o concello a axudar para a festa do Corpus? O Sr. Alcalde sinala que por respecto aos outros concelleiros pide que se faga por escrito con antelación e que senón se contestará no seguinte pleno.

Roga que se poñan vallas nun edificio onde están caendo pedras continuamente.

**O Sr. Aguite Freire**

No pleno de Marzo fixo un rogo respecto á baixada da praia de Covelo, naquel momento o Sr Alcalde tomou nota segundo reflicte a acta daquel día. A día de hoxe segue igualmente a situación.

O Sr. Alcalde di que preguntará.

Roga que se limpe o lavadoiro de Soalde que está invadido de silvas.